

Comentarios á división espacial do traballo e da produción *

DR. JOAN-EUGENI SÁNCHEZ

Univ. Barcelona

Os principios da división do traballo.

Voltemos atrás, a 1776, e situémonos diante da obra fundamental do pensamento liberal-capitalista, "La riqueza de las naciones" de Adam Smith. No seu primeiro capítulo, polo que debemos supoñer que refrexa os fundamentos da súa concepción, aparece unha ampla exposición da división do traballo. Inicia o libro con estas palabras:

"O progreso máis importante nas facultades productivas do traballo, e gran parte da aptitude, destreza e sensatez con que este se aplica ou dirixe, en calquer parte, parecen consecuencia da división do traballo" (Smith, 1776: 7).

Recollendo as ensinanzas de Ferguson, Adam Smith basea os cambios no sistema económico no desenvolvemento das forzas productivas desde o modo de produción feudal para o modo de produción capitalista, e isto fundamentado na división do traballo e, en concreto, na división técnica do traballo.

O exemplo que propón sobre a fabricación de alfinetes é paradigmático. Trátase de replantexar a esencia mesma do proceso productivo. Para isto procúrase desenvolver as forzas productivas en canto capacidade productiva do traballo coa división do traballo como elemento clave que o permitirá.

"Este aumento considerable na cantidade de produtos que un mesmo número de persoas pode confeccionar, como consecuencia da división do traballo, procede de tres circunstancias distintas: primeira, da maior habilidade de cada obreiro en particular; segunda, do aforro de tempo que comunmente se perde ó pasar dunha ocupación a outra, e, por último, da invención dun grande número de máquinas que facilitan e abrevian o traballo, capacitando a un home para facer o labor de moitos". (Smith, 10-11).

Acábase co traballo do artesano (fig. A) -que sabe facer a totalidade da mercancía, desde obter e manipular as primeiras materias, concebir o produto, fabricalo en tódalas súas partes e compoñentes, ata vendelo-, e substitúeselle polo obreiro colectivo, por canto se descompón o proceso productivo nun conxunto de operacións elementais que pasarán a ser feitas por un conxunto de obreiros especializados adestrados nunha e só nunha das partes. Sustitúese ó individuo que sabe facer tódalas partes máis ou menos ben, por un conxunto de individuos que fagan moi ben, moi rápido e ó menor custo salarial cada unha das partes agora isoladas.

Dividir significa separar no tempo. E, si se pode separar no tempo, isto posibilita poder separar no espacio. É dicir, a condición necesaria para poder manipular o espacio-territorio será poder disgregar no tempo. En canto se conquira descompoñer un proceso, no que conleva de fraccionamento temporal, ábrese a posibilidade de separar estas etapas. Desde o punto de vista xeográfico a idea da división terá un alcance moi importante na medida na que vai ser un mecanismo espacial a manipular o cal foi e é ampliamente aproveitado a partir dese momento.

A división, que hoxe vemos como algo tan simple, permitiu reestructurar sobre esta todo o sistema productivo. Foi con posterioridade que se introduciu o desenrolo e fabricación de novos produtos. Pero naquel momento tratábase de seguir producindo o mesmo pero doutra maneira. É dicir, a innovación no

(*) Traducido ó idioma galego, con autorización do autor, por M^a Rosa Bralo Ron, Profesora de Xeografía do Departamento Historia, Arte e Xeografía da Universidade de Vigo - Campus de Ourense.

proceso precedeu á innovación no produto co que o inicio da revolución industrial se manifestou primeiramente pola revolución nos procesos de produción. O importante non era qué se producía, xa que se podía seguir producindo o mesmo -por exemplo alfinetes-, senón cómo debían producirse para aumentar a capacidade productiva do traballo en termos de produtividade. Ficaba moi claro que este simple mecanismo de división permitía multiplicar por varios centos a produtividade do traballo e o rendemento do capital (Smith, 1776: 9) sen necesidades iniciais de novas inversións, e sen ter que introducir na manufactura ningún novo medio de produción, a excepción do derivado da concentración de obreiros e maquinaria nas novas instalacións manufactureiras, pero non por unidade de traballo. As repercusións sobre o sistema económico e sobre a estrutura social serían evidentes e multiplicativas.

Graos de división do traballo

De feito Adam Smith propuña unha división técnica a partir da posibilidade de tomar como unidade a dividir os compoñentes elementais dos produtos. Tratábase de explotar a introducción da división ó fabricar compoñentes con unidade física que, en principio, podía parecer difícil que fosen executados por máis dun obreiro.

Este sería o fundamento básico da división do traballo, no sentido de división técnica do traballo: unha única unidade física -o alfinete do exemplo- pasa a poder ser fabricado por máis dun traballador, en base a descompoñer o seu proceso de produción en operacións elementais -funcionais-. (Fig. B)

Deste xeito o traballador será un executor de funcións en vez de produtor de obxectos con significación propia. Por conseguinte, o que ó partir dese momento deberá aprender non é a fabricar pezas ou obxectos completos -por medio da execución de tódalas operacións funcionais que se precisen para isto-, senón a executar funcións -que poderán ser aplicadas se interesa á fabricación de pezas distintas-. Isto significa que pasa dun saber-facer a un saber reproducir.

División, produtividade e redución de custos salariais.

O mesmo tempo, Adam Smith buscaba a ganancia do tempo que a división do traballo aporta ó proceso, ou, o que é o mesmo, no incremento da produtividade que disto se deriva. A especialización que se conquista e a posibilidade de introducir máquinas específicas para cada fase que a produción en masa xustifica, facía que unha produción elemental como a de agullas pudesese ser dividida nunhas vinte operacións elementais. Do que se derivaba, según as súas observacións, un incremento na produtividade entre 240 e 4800 veces fronte á forma de produción artesanal. (Smith, 1776: 9).

Paralelamente, a división do traballo propiciaba a introducción da división social do traballo entendida como "traballos que difiren uns de outros no xénero, especie, familia, subespecie e variedade, condición de vida para a produción de mercancías" (Marx, 1867: I-9).

Ademais, tal e como por aquel mesmo período mostraba Babbage tamén para a fabricación de agullas, introducindo os principios de división social do traballo, e a igualdade de tempo de traballo, a remuneración dos salarios como consecuencia da descalificación implícita na descomposición social do traballo, permitía reducir o custo por salario nunhas catro veces.

"Como o traballo se divide en varias operacións diferentes, cada unha das cales require graos diversos de destreza e forza, o patrón manufactureiro pode procurarse a cantidade exacta de forza e destreza que é precisa para cada operación. Si, pola contra, un obreiro tivera que executar todo o traballo, o mesmo individuo tería que ter a destreza suficiente para as operacións máis delicadas e a forza bastante para as que requiren máis esforzo" (Babbage, 1835).

Aplicando os criterios de división social do traballo (sexo, idade, cualificación) o proceso de fabricación sería, según os seus cálculos:

Tirar do aramio	Home	3	chelíns	3	peniques ó día
Tensado	Muller	1	chelín	0	
	Rapaza	0		6	
Aguzado	Home	5		3	
Torcido e corte	Rapaz	0		4	1/2
	Home	5		4	1/2
Encabezado	Muller	1		3	
Estañado ou banqueado	Home	6		0	
	Muller	3		0	
Envasado	Muller	1		6	

Se o fixese un só obreiro e, aceptando a mesma velocidade de produción que con división do traballo, éste debería saber executar tódalas operacións (fig. A) e, polo tanto, cobrar o salario máis elevado, co que os custos salariais por unidade case se cuatuplicarían mentres que, deste xeito, se pode pagar cada fase de acordo coa cualificación estricta que precisa e, por conseguinte, ó menor custo salarial global posible (Frobel, 1977: 43-44).

Combinando os efectos de ámbolos dous tipos de división do traballo, o custo da agulla veríase rebaixado entre 4 x 240 e 4 x 4800 (menor salario x menor tempo) veces respecto á agulla artesanal. Esta perda no valor da forza de traballo por agulla implica unha valorización máis alta do capital, contribuíndo a dilatar o radio de acción da plusvalía (Marx 1867: I-285). O cal abriu o camiño ó proceso de descualificación-sobrecualificación na que a evolución das forzas productivas que poderá verificarse claramente con posterioridade (Marx, 1867; I-284; Freyssenet, 1977; Sánchez, 1979).

Se nos situamos no ámbito da fabricación de produtos complexos, pódese aplicar un dobre nivel de división:

1. Descompoñelo nas partes ou pezas elementais (despece).
2. Considerar as operacións funcionais necesarias para fabricar cada peza.

En teoría isto podería dar lugar a dous tipos de división do traballo:

1. Por pezas, seguindo o modelo artesanal = operarios por peza (modelo baseado na fig. A).
2. Por funcións = operarios por función (fig. B).

A división do tipo 2 permite aplicar o saber funcional a distintas pezas. Por exemplo, un pintor pode pintar distintos obxectos; agora só sabe pintar, no modelo 1 remataba a peza pintándoa; así, pintar un moble pode ser ben a fase final da súa fabricación por un ebanista, ou ben unha fase que pasa a mans dun barnizador.

Según isto, os oficios deixan de ser denominados polo produto que fabrican -zapateiro, cordeiro, ...-, a ser considerados pola función a executar -torneiro, axustador, electricista, pintor. Pero, a medida que se avanza da revolución industrial á científico-técnica, estas funcións pasan a ser asimiladas ós clásicos oficios, establecéndose novas funcións cada vez máis ligadas á máquina. Así, o torneiro, ou o axustador, son substituídos por operadores de máquina, servidores da cadea de montaxe, como novas formas de división funcional adaptadas á máquina e ós procesos encadeados ou seriados da produción. Na actualidade, favorecido pola incorporación do ordenador, desenrólase a automatización-robotización, o que pola súa parte introduce novas funcións, antes descoñecidas, que deben ser executadas polos novos traballadores (figs. C e D).

A anterior situación é a que percibía, a mediados do século XIX, John Stuart Mill:

"Ata aquí o que se refire á separación de ocupacións, primeira forma de combinar o traballo, sen a cal non poden darse os rudimentos da civilización industrial. Pero unha vez completada esta separación, cando se convertiu en práctica xeral que cada produtor provea a outros moitos dunha mercancía determinada, e sexa a súa vez provisto por outros das cousas que consume, razóns non menos reais, se ben menos forzosas, convidan a estender inda máis o mesmo principio.

Descúbrese que, levando a separación máis aló, descompoñendo máis e máis cada proceso de actividade en distintas partes, de maneira que cada traballador se limite a facer un número cada vez máis pequeno de operacións sinxelas, auméntase a forza productiva do traballo. E así, co tempo, chégase a eses casos notables do que se chama división do traballo". (Stuart Mill, 1848: 128).

Neste párrafo distínguese xa claramente entre a división na produción de distintas mercancías -división da produción-, da división para a produción dunha mercancía -división técnica do traballador-.

Chegamos a 1867, no que Marx aportará a clave para distinguir claramente o que é a esencia da diferenciación social entre os dous tipos de división. No capítulo XXII do Libro Primeiro de El Capital, onde trata de "División do traballo e manufactura" distingue entre división do traballo dentro da sociedade e división do traballo dentro dun taller, ás que atribúe unha diferenza non só de grao senón de esencia:

"¿Qué é o que enlaza os traballos independentes (dentro da división do traballo na sociedade)...? O feito de que os seus produtos respectivos teñan a consideración de mercancías. ¿Qué caracteriza, pola contra, á división manufactureira do traballo? O feito de que o obreiro parcial non produce mercancías. O que se convirte en mercancía é o producto común de todos estes. (...) A división manufactureira do traballo supón a concentración dos medios de produción en mans dun capitalista; a división social do traballo supón o fraccionamento dos medios de produción ...". (Marx, 1867: I-228-229).

Podemos assimilar división do traballo dentro da manufactura á división técnica do traballo ou división do traballo, e a división social do traballo ou división do traballo dentro da sociedade á división da produción. Desta maneira, entenderemos a división (técnica) do traballo como aquela que se efectúa durante o proceso de produción, como combinación de diversas tarefas individuais. Por un lado mediante a división do proceso de operacións simples e, por outro, mediante a cooperación entre fraccións de dito proceso. Mentres que, pola súa parte, a división da produción representa o fraccionamiento en partes acabadas que adquiren autonomía como mercancía para ser incorporadas a outros procesos de produción como produtos semielaborados ou intermedios.

Para Marx as dúas formas de división son interdependientes:

"A división manufactureira do traballo (división técnica ou división do traballo en sentido concreto) require que a división do traballo dentro da sociedade (división da produción) teña acadado xa un certo grao de madurede. A súa vez, a división do traballo na manufactura repercute na división do traballo dentro da sociedade, impúlsaa e multiplícaa. Ó diferenciarse os instrumentos de traballo, diferéncianse cada vez máis as industrias que os producen. (...) Para implantar dun xeito máis perfecto a división do traballo dentro da MANUFACTURA, o que se fai é dividir en varias manufacturas, algunhas delas totalmente novas, á mesma rama de produción". (287)

Estas posibilidades de fraccionamento abren o camiño á reorganización socio-espacial do espacio productivo, xa que se chega á incorporación do espacio ó proceso de división da produción:

"A explotación manufactureira, encargada de fabricar tódalas especialidades, dá un novo impulso á división territorial do traballo que circunscribe determinadas ramas da produción a determinadas rexións dun país. A expansión do mercado mundial e o sistema colonial, que figuran entre as condicións xerais do sistema, suministran ó período manufactureiro material abundante para o réxime de división do traballo dentro da sociedade". (Marx, 1867: I-287-288).

Lembremos que con anterioridade David Ricardo, a principios do s. XIX, adentrárase noutra das posibilidades da división espacial, neste caso unha das formas posibles da división da produción: a división a escala mundial.

Na que se considera a parte máis trascendente da súa obra, cando trata do comercio exterior, Ricardo, cunha mentalidade ligada a concepcións deterministas espaciais da época, as cales, por certo, eran favorables neste caso a Inglaterra, propuña, como mecanismo de equilibrio universal a división espacial da produción entre nacións, o que podemos entender como división internacional da produción. Vexámolo nas súas mesmas palabras:

"Nun sistema de comercio absolutamente libre, cada país invertirá naturalmente o seu capital e o seu traballo en empregos tales que sexan os máis beneficiosos para ambos. Esta persecución do proveito individual está admirablemente relacionada co benestar universal. Distribúe o traballo do xeito máis efectivo e económico posible ó estimular a industria, recompensar o inxenio e facer o máis eficaz emprego das aptitudes peculiares con que o dotou a natureza, ó incrementar a masa xeral da produción, difunde o beneficio xeral e une a sociedade universal das nacións en todo o mundo civilizado cun mesmo lazo de interés e intercambio común a todas elas. É este principio o que determina que o viño se produza en Francia e Portugal, que os cereais se cultiven en América e en Polonia e que Inglaterra produza artigos de ferretería e outros". (Ricardo, 1817: 102).

Facendo intervir o medio físico, como medio de produción diferenciado según a situación de cada nación no espacio terrestre, xustificaba unha especialización na produción que levaría á división internacional da produción: o viño produciríase nuns países, os cereais noutros e a industria debería instalarse en Inglaterra lugar onde, paradoxicamente, ó autor non lle parece que se de ningún tipo de condicións físicas favorables. O medio físico pasaba a ser tratado como factor productivo con incidencia sobre a capacidade productiva.

Se Smith vira as ventaxas da división do traballo Ricardo observounas na división espacial da produción, naquel momento baseada nas condicións diferenciais do medio físico. É así que dous dos autores fundamentais da economía política libreril asentán as súas formulacións en dous elementos claves da división do proceso productivo.

Como os procesos de produción e de intercambio precisan dunha compoñente espacial, o territorio tamén será sometido a unha división funcional do traballo, o que permitirá manipular as escalas de actuación. Tamén aquí podemos proxectar a dobre compoñente da división do traballo, o que dará lugar a unha división técnica espacial do traballo e unha división espacial da produción. No primeiro caso, a división (técnica) espacial do traballo posibilitará establecer especializacións territoriais en base a cualificacións diferenciadas da forza do traballo. Pola súa banda, coa división espacial da produción prevalecerá unha especialización funcional en base á concentración espacial de sectores ou ramas de produción.

Neste contexto a división internacional do traballo non será máis que a concreción da división espacial no marco global da actuación social. Ámbito significativo ó partir do momento no que a internacionalización das relacións productivas e económicas conquiren carta de natureza. División internacional do traballo que, a súa vez, revestirá as dúas formas expostas. Como división internacional técnica do traballo e como división internacional da produción.

Por unha banda cada unha destas partes agora poderán ser executadas en unidades productivas distintas, o que permite formar unidades productivas de moi diverso orde, por agrupación e combinación en sentido vertical e horizontal de funcións e produtos (fig. D).

Desde un punto de vista empresarial, cada unidade productiva pode dar lugar a unha empresa distinta, ou a distintas plantas de fabricación especializadas según unha combinación e agrupamento de unidades productivas diversas.

Pola súa parte, desde a óptica espacial-territorial as posibilidades que abre a división técnica do traballo son moi importantes, por canto permiten aproveitarse do espacio como factor manipulable nos procesos de produción. A localización como decisión de ubicación dunha actividade humana e social nun punto do espacio xeográfico -como acto positivo dos individuos-, verase amplamente potenciada pola posibilidade de separación no espacio dos procesos divididos no tempo.

Sen esquecer os intereses en "racionalizar" a heteroxeneidade do espacio xeográfico, mediante a introdución da división internacional da produción, en base á formulación de Ricardo.

Terán quedado así establecidos os grandes eixos da división do proceso de produción e a súa proxección espacial como división espacial-territorial. En resumo, unhas novas posibilidades de articulación socio-espacial ofrécese á sociedade industrial.

División espacial-territorial

As posibilidades de división, e a súa combinatoria, levan a manipular o espacio-territorio de xeito tal que éste asuma o papel dunha variable máis a ter en conta na organización do proceso productivo, aproveitando os aspectos homoxéneos ou os aspectos diferenciais, según cada circunstancia, que se presenten como máis favorables á estratexia empresarial. Homoxéneos en canto a aproveitar economías de escala; diferenciais en canto a aproveitar as diferencias económicas, sociais ou políticas que garanten unha maior rentabilidade ó proceso: economías de aglomeración fronte a espazos monoespecializados, ben sexa nun tipo de producións, ben sexa a un nivel de cualificación, desde zonas cun mercado de traballo de alta cualificación, ata zonas nas que só se ofrezca forza bruta de traballo, a baixo nivel de esixencias salariais, cun alto grao de excedente de recursos humanos que esixa baixos salarios e que presenten unha grande docilidade no seu uso.

Así podemos atopar dende áreas que actúan como centros direccionais, onde se concentran as fases de toma de decisións e de xestión, sitas nas grandes metrópolis a escala mundial, ata as clásicas zonas de baixos salarios, cunha forte compoñente de man de obra feminina e xuvenil, disposta a traballar por baixos niveis salariais en condicións precarias, sen excesivas garantías profesionais nen de continuidade do posto de traballo.

Tamén se pode actuar en base á existencia de solo ou dunha rede de comunicación e transporte adecuada, lugar caro o que non están interesados en asentarse os núcleos direccionais ou doutro tipo.

O importante é decatarse da infinidade de posibilidades de combinatoria que se abren en base á manipulación destes distintos tipos de división do proceso productivo en tódalas súas vertentes, incluído o espacio.

División do traballo e da produción

Inda cando as formas de división técnica do traballo baixo calquera dos modelos B, C, D, expostos gráficamente anteriormente, permitan falar sempre de división do traballo, ten que quedar claro o dobre significado que ten en tanto se considere exclusivamente a división no interior dunha unidade productiva, o que podemos entender como división do traballo en sentido concreto, daquela división que se establece entre distintas unidades productivas, xa que representa unha división da produción.

Como se dixo, a base da diferenza entre ámbolos dous tipos de división é que no primeiro caso, en canto división do traballo, se apoia no fraccionamento que posibilita o proceso técnico de descomposición das tarefas, pero sen que o produto do traballo de cada traballador dé lugar a unha mercancía, é dicir, non se presenta como un valor de cambio no mercado. Mentres, mediante a división da produción, os produtos que se desplazan polo espacio, dunha unidade productiva a outra, asumen a forma de mercancía, en canto é valor de uso para a nova fase productiva, onde se incorporan como ben intermedio.

O interese desta diferenciación atópase no que é a base na posibilidade de establecer unidades productivas independentes. Aquela fase cuxo produto poda ser considerado como valor de uso para a seguinte podería, si se considera oportuno, instalarse como unidade productiva independente. De feito calquera forma de división do traballo representa unha forma de división técnica do traballo.

O que importa é considerar aquela diferenza de orde social que distingue o produto como mercancía ou non. Na inmensa maioría dos casos esta distinción é social non técnica ou funcional.

Situémonos no exemplo da agulla. É perfectamente factible imaxinar a fabricación de ditas agullas non xa só por 20 obreiros distintos que fan outras tantas funcións (ou oficios como os calificaba A. Smith, 8), senón por máis dunha empresa (firma) con unidades productivas (plantas) diferenciadas. Por exemplo, nunha poderíase preparar arame cortado a medida, outra podería especializarse en facer os encabeza-dos, outra en estañado ou branqueado e, por último, envasalo nunha cuarta. Pero, a súa vez, cada unha

destas unidades productivas pode pertencer a unha sóa empresa ou ben constituir empresas diferenciadas en canto propietarios distintos.

Estas distintas posibilidades axudan a clarificar o interés en distinguir entre división do traballo e división da produción. En efecto, sobre a base da división técnica do traballo é posible:

a) Tratar cada etapa da división como un feito estritamente técnico, cando só se fai a división do proceso, aproveitando diferencias de habilidade, cualificación, sexo, idade, que permite axustar os salarios ó menor custo posible. É o que podemos considerar como división do traballo en sentido restrinxido. Ata aquí o produto de cada traballo individual non recibe a consideración de mercancía, senón de fase na produción dunha mercancía.

b) Introducir a división en unidades productivas distintas, o que consideraremos como división da produción. Por unha banda, representa que o produto final de cada unidade productiva é unha mercancía para a seguinte. Pola outra, esta modalidade de división do traballo introduce a división espacial-territorial da produción. A división espacial da produción permite axustar os custos ó menor precio posible (economías de localización). Polo lado da produción aproveitando as vantaxas diferenciais de localización en función do menor custo posible dos factores en base a heteroxeneidade do espacio tanto física (recursos, enerxía, espacio medio de produción, etc.), como social (niveis de vida/salarios, economías de aglomeración); polo lado do intercambio, procurando a localización óptima en relación co mercado de cada produto (economías de escala).

c) Posibilitar que as unidades productivas podan estar constituídas por empresas distintas en canto á súa propiedade. Isto permite a integración funcional nunha especialización ó servizo de diversas empresas (por exemplo empresas especializadas en tratamentos térmicos) e estratexias empresariais de integración vertical (absorbendo distintas fases do proceso) ou de integración horizontal (apropiándose de empresas competidoras do mesmo produto ou extendendo a produción a novos mercados introducindo novas plantas de fabricación neles), coa conseguinte capacidade combinatoria destas posibilidades, o que dará lugar a innumerables estratexias empresariais en función dos produtos, os mercados e a evolución dos procesos económicos, políticos, sociais e culturais. Estratexias que irán desde a pequena empresa auxiliar, ou a pequena ou mediana empresa altamente especializada e cualificada, pasando pola empresa internacional (unha planta e diversos mercados internacionais), ás grandes corporacións multinacionais como empresas internacionais tanto no mercado de vendas como en produción (multiplantas internacionais), controlando o conxunto total, ou ben partes importantes, do proceso do produto, así como con intereses en moi diversos sectores.

Estas posibilidades de división técnica, da produción social e espacial-territorial vense potenciadas a medida que se avanza na complexidade dos produtos, formados por innumerables partes e compoñentes. Así para unha mesma función, a do transporte, pásase do carro, que podía ser fabricado artesanalmente, a un grande número de medios a cal máis complexo: automóbiles, furgonetas, camións, tractores, pero tamén ferrocarrís e avións. Ademais as leis da competencia no mercado fan que estes novos produtos deban ser distintos e cambiantes en períodos de tempo que podemos considerar como curtos, poucos anos. É inimaxinable, tanto en complexidade como en inversión precisa, pensar na fabricación artesanal de avións comerciais ou de autocares.

Neste sentido, a división técnica do traballo ten sido causa e efecto da complexidade progresiva dos produtos que se fabrican actualmente, ó tempo que ten permitido a ampliación dos mercados e dos consumidores implicando o desenvolvemento das fases de distribución e comercialización coa aparición de funcións e sectores que se consideran terciarios como son, por exemplo, os do marketing, estudos de mercado, publicidade, asesoramentos de diverso tipo, etc.

É dicir, a complexidade dos produtos, as novas tecnoloxías de produción e a competencia no mercado, cada vez máis internacionalizado e a escala mundial, fai aparecer novas formas de división técnica do traballo e da produción que inciden en procesos secundarios e terciarios do proceso de fabricación-comercialización.

Baixando ó nivel concreto podemos constatar que un sinfín de productos pasan polas seguintes fases de produción:

- a) Toma de decisións e xestión.
- b) I + D, investigación e desenrolo do produto.
- c) Fabricación de compostos complexos.
- d) Montaxe e rematado.
- e) Promoción do produto.
- f) Comercialización.
- g) Financiación (en sectores como o do automóvil).

Fases estas que, a súa vez, internamente, se dividen nos termos ata aquí descritos.

Si observamos as etapas a, b, c, f, g, podemos ver que corresponden a fases esencialmente terciarias, mentres que as c, d, son fases esencialmente secundarias ou industriais.

Cando unha empresa reúne tódalas fases (fig. E), dende a investigación e desenrolo ata a comercialización (e financiación como no caso do sector do automóvil), desde o punto de vista da actividade social considéranse como postos de traballo pertencentes ó sector industrial, xa que o produto industrial é o que caracteriza a produción.

Pola contra, na hipótese da que a empresa se dividise en sete empresas independentes, unha por fase tal e como establecemos, o reconto da poboación activa por sectores pasaría a ser o que reflexa a figura F.

Introducir na EMPRESA T a división da produción, creando empresas agora especializadas nas fases funcionais, tería como significación social o que, sen que necesariamente tivese que cambiar a poboación ocupada, a sociedade no seu conxunto se consideraría que avanzara no proceso de terciarización. De feito os postos de traballo secundarios e terciarios xa existían, o novo da situación de división da produción sería a potenciación do sector de servicios á produción como sector autónomo, coa contrapartida de diminución do sector industrial. Na práctica, ffacilmente algunha destas novas empresas poderían deixar de pertencer á empresa inicial, xa que a súa función podería ser absorbida por outra, ou outras, empresas especializadas nela como é o caso das empresas de publicidade altamente especializadas.

O que é certo é que cando este proceso de división ten lugar, significa que se acadaron uns volumes de produción altos, e que a localización das novas actividades terciarias e a potencial realocación das secundarias, terán un claro reflexo de homoxeneización funcional espacial-territorial.

Queda aberta a porta ó proceso de terciarización urbana e de industrialización de áreas periurbanas e de áreas rurais, e ó proceso de metropolización (Scott, 1988).

Serán, por conseguinte, importantes os efectos territorializadores deste proceso. Por exemplo, a autonomización das funcións I + D (investigación e desenrolo) é a que posibilita a plasmación duns espazos altamente funcionalizados, cales son os Parques Tecnolóxicos. Neste caso, unha das ventaxas que se considera que aportan esta especialización territorial é a de aproveitar un efecto de economía de aglomeración, por unha banda nun contexto socio-territorial no que se den as condicións de produción e reprodución da forza de traballo altamente cualificada, mentres que, pola outra, a alta concentración de persoas de alta cualificación técnica favoreza un proceso sinerxético de realimentación positiva.

División social do traballo

A división técnica vai a permitir replantexar a división social e socio-territorial, de xeito tal que se acade a coherencia entre elas.

Marx apoia a división social sobre dous pilares. División xerárquica-social, como reflexo da relación de propiedade respecto ós medios de produción, separando ós que son propietarios dos medios de produción dos que, intervindo no proceso productivo, non son propietarios dos medios de produción. Este é o

gran eixo articulado da estrutura de clases sociais. Si facemos chegar ata os nosos días o concepto de división social, o que podemos constatar é que a división en función da propiedade agacha outra realidade cada vez máis visible. Trátase da distinción entre propietario dos medios de produción e xestor deses medios.

Na primeira etapa de desenvolvemento do capitalismo, propietario e xestor coinciden esencialmente na mesma persoa ó fronte do todo o proceso. Inda que xa se articulen as sociedades anónimas, onde unha grande parte dos axentes que participan da propiedade se atopan desvinculados do proceso productivo no sentido estricto, é unha articulación inda pouco clarificada a este respecto.

Tampouco debemos ignorar que a división social se pode desglosar en termos de propiedade e de apropiación. Apropiación e propiedade non se deben entender como unha mesma situación social, como sinónimos, senón como dúas situacións distintas que poden coincidir ou non na mesma persoa física ou xurídica. Por exemplo, dispor dunha nave industrial pode selo por propiedade ou por aluguer. Nos dous casos existe apropiación do valor de uso da nave, pero a propiedade só se dá no primeiro suposto, xa que no segundo o arrendatario dispón do dereito de uso, que lle foi cedido temporalmente -mentres dure o arrendo- polo propietario. A función específica á que será destiñada a nave estableceráa o apropiador, sexa propietario ou arrendador. Neste sentido o arrendatario é un xestor dun espaciao como medio de produción, sen ser o propietario.

Por calquera dos mecanismos posibles, constátase o crecemento do grupo social xestor, que, ó igual que coa apropiación, pode ou non coincidir coa propiedade. A expansión da sociedade anónima, como paradigma da sociedade empresarial capitalista, reforza esta dualización, abrindo unha brecha cada vez grande entre propiedade e xestión.

O desenrolo da división do traballo e das forzas productivas vai a levar consigo tamén o desenvolvemento da especialización na xestión. A dislocación entre xestión e propiedade é importante por canto da mobilidade profesional ós xestores, ó situalos como asalariados, eso sí, con altos niveis retributivos, pero asalariados a fin de contas, o que os dota de mobilidade social para pasar dunha empresa a outra, alí onde se lle ofrezan milllores condicións. O xestor non se ve obrigado a ter raíces coa empresa que xestiona.

O mesmo principio que permite a separación entre propiedade e xestión estaría na base dos intentos de integración obreira nas empresas baixo o modelo de capitalismo popular, polo cal ó traballador asalariado se lle permite participar dos beneficios ó ofrecerlle a posibilidade de dispor de accións da propia empresa, sen que isto conleve a posibilidade dunha participación efectiva na súa xestión.

O terceiro nivel na división social sitúase no ámbito da execución. Execución como acto efectivo de participación na produción de mercadorías, sexan bens ou servicios.

Propiedade, xestión e execución completan os grandes grupos da estrutura de división social da actividade productiva e económica.

División espacial e xerarquización e uso do espaciao

A xerarquización do espaciao conleve implícita a funcionalización e a categorización social. Significa que unha parte da xerarquización dependerá da función xa que a cada función se lle otorga unha categoría social. Así podemos distinguir un espaciao urbano dun rural ou un espaciao industrial siderúrxico doutro agrícola extensivo cerealista ou doutro destinado a servicios financeiros. Pero sobre cada un deles sobrepoñense distincións sociais -como é o caso de toda estrutura urbana onde, para unha mesma función residencial, se divide o espaciao en áreas territoriais de distinto nivel social, según as clases ou grupos sociais ós que vaian dirixidos, e onde o precio do espaciao construído actuará de mecanismo xerarquizador. Este último é fácilmente detectable a través da simple visualización dos distintos lugares que configuran un espaciao urbano. É por isto que a elección do lugar de residencia pasa pola apreciación da clase-categoría social na que se está incluído, ou á que se aspira a pertencer.

Aquí entraría en xogo o principio de polifuncionalidade potencial e monofuncionalidade efectiva de to-

do o espacio, o cal señalaranos a categoría á que quedará adscrito un lugar-territorio.

A xerarquización do espacio prodúcese a través dun dobre proceso de categorización e de especialización espacial. Este proceso refléxase a nivel de cidades como espacio funcional, entre as cales establécense procesos de competencia para asumir un nivel ou categorización social no conxunto da rede mundial de cidades, ou da rede urbana dentro dun estado.

A categoría socio-profesional que serve para entender a xerarquización a nivel de individuos, agora aparece como categoría funcional socio-espacial para a xerarquización de espacio-territorio, e moi especialmente de espazos urbanos.

As políticas dirixidas a un espacio-territorio encamiñaranse a situalo nunha posición xerárquica en relación con outros espazos-territorios.

Así se explican, por exemplo, a aplicación acrítica de modelos de industrialización a un sinfín de pobos e cidades na creencia de que delo se derivaría unha millor posición ou categoría socio-espacial para él partindo do feito de que unha función industrial é superior a unha agraria. Foi o que aconteceu durante o período desenrolista neste país. Ou agora mesmo coa mitificación dos parques tecnolóxicos.

Cara a novas formas de división do traballo e da produción

As bases da división do traballo e da produción, sintéticamente presentadas ata aquí, non son inamovibles. Pola contra, existe un amplo acordo en que o modelo de división do traballo está sufrindo cambios importantes, con repercusións moi específicas na división espacial e, máis especificamente, na división internacional, da que é compoñente esencial o proceso de internacionalización a que se veu sometida a economía mundial (Palloix, 1973; Andreola et al., 1978).

O desenrolo fordista na organización da produción propiciara un modelo ríxido de organización da produción, apoiada na produción en masa e o traballo seriado. A división propia desta etapa organizábase por bloques e, como tal, reflexábase na división espacial. De ahí que no espacio se aproveitasen fundamentalmente as diferencias territoriais (Amín, 1970) en base a unha lei de custos comparativos (Palloix, 1973; Andreola et al., 1978), con especial énfase nos salarios diferenciais (Enmanuel, 1969; Freysse-net, 1973; Fröbel et al., 1977). Isto é o que leva a falar da vella división do traballo.

Pero o rápido desenrolo e incorporación de innovacións técnicas, sobre todo as relacionadas coa electrónica e a microelectrónica -informática, telecomunicacións- e tamén dos transportes permite un uso máis fácil do espacio (Castells, 1990; Sánchez, 1991).

É o que permite a Lipietz (1985) propor unha análise na que a división se basaría menos na relación centro-periferia e "vella división internacional do traballo", ó terse incorporado procedementos máis flexibles (acumulación flexible) (Hudson, 1988; Dicken, 1990), xeneradores de novos modelos de polarización que aproveitan as novas tecnoloxías (Duche e Savey, 1987).

Éstas permiten no interior do proceso productivo e da empresa, un uso máis flexible e unha xestión máis descentralizada. Mentres que na relación entre empresas, e sobre todo entre unidades productivas separadamente localizadas, inda cando pertencen á mesma firma, a interconexión tanto física polos transportes, como informacional en relación coa xestión, amplía a capacidade de flexibilizar a localización e a relocalización.

É, pois, posible unha utilización flexible dos diferenciais territoriais (Andreola et al.; Walker e Storper, 1981), o que leva a unha reorganización territorial da produción.

É posible, por exemplo, a substitución da gran factoría integrada en grandes cidades industriais nos países avanzados, con uso de grande cantidade de forza de traballo, por factorías pequenas e altamente automatizadas, especializadas en tarefas particulares, territorialmente dispersas pero productivamente integradas, de xeito que permitan acadar novas economías de escala aproveitando os menores custos das novas localizacións (Amín e Smith, 1986).

A división internacional da tecnoloxía baseada na innovación tecnolóxica permite coordinar un número

máis amplo de plantas ou unidades de produción, incluídos servizos á empresa, buscando localizacións máis competitivas en base a esta maior especialización, aproveitando os salarios diferenciais. Asíse deste xeito o que Cowling (1985) denomina M-form corporation (multi-divisional organizational structure).

Para Castells neste proceso as novas tecnoloxías non son só soporte material da economía mundial senón que son determinantes fundamentais da competitividade internacional das empresas que condicionan en boa medida a riqueza das nacións (Castells, 1990). Dispor ou non de tecnoloxía, ou ter ou non acceso a ela, convertírase nun problema de primeira magnitude en termos de desenrolo diferencial e desigual a escala mundial. (Stewart, 1977; Cruz, 1987)

A compoñente de innovación que afecta ó proceso de produción, onde a informática e a automatización introduciron cambios fundamentais na maneira de producir en amplos sectores ou fases do proceso, dunha nova perspectiva á utilización da forza de traballo bruto ou de baixa cualificación xa que rebaixa o monto dos salarios sobre o custo final do produto (Castells, 1990). A organización flexible, con técnicas como o CAD-CAM e a robótica, abren a posibilidade da reindustrialización das áreas centrais onde se consumirá forza de traballo da máis alta cualificación, xa que a forza de traballo non cualificada terá sido substituída por estes procesos de produción, o que convertirá en secundario o peso do custo da forza de traballo (Ayres, 1985). Isto non rompería, senón que reforzaría, a tendencia á homoxenización espacial da cualificación do traballo non só a escala internacional senón tamén nacional e local - espazos rurais, áreas metropolitanas- . (Aydalot; Hall, 1985)

De aquí que se fale de novos espazos productivos baixo procesos de aglomeración cara á formación de complexos industriais, o que leva a metropolización baixo unha organización locacional intrametropolitana específica con nexos industriais de aglomeración (Scott, 1988 e 1990); ou de segmentación de espazo (economías periféricas) en termos de I+D no marco dunha economía segmentada (Morphet, 1987). Por exemplo é perceptible a extensión da subcontratación, xerando unha estrutura locacional de subcontratación sobre de todo a escala intraurbana (Holmes, 86), así como unha concentración da desocupación (Johnston, 1986). Mentres que a outra figura territorial que ofrece interese son os conglomerados territoriais que forman distritos industriais como forma de división espacial da produción entre empresas territorialmente integradas (Castillo, 1988).

A conclusión final que poderíamos extraer é que o concepto de división do traballo segue sendo esencial na organización do proceso productivo a tódalas escalas. Por isto debe ser interpretado no seu concreto alcance según sexa o ámbito ó que se aplique, sendo conveniente, para unha maior facilidade de análise e interpretación, distinguir con claridade analítica e conceptual as distintas formas que asume, dende a división técnica no interior da empresa e no posto de traballo, ata a división internacional da produción. Porque, aínda podendo dicir que todas éstas se apoian no mesmo principio, non obstante, o que se divide en cada caso, a escala a cal actúa, e o que se percura acadar ó traveso da manipulación de cada posibilidade, son aspectos e resultados suficientemente variados como para requirir estratexias diferenciadas na loita entre axentes sociais distintos.

FIGURA A. PRODUCCIÓN CLÁSICA

Producto simple	Funcions					
	F1	F2	F3	F4	...	F _n
Producto A	traballador 1					
Producto A	traballador 2					
Producto A	traballador n					

FIGURA B. DIVISIÓN (TÉCNICA) DO TRABALLO SEGÚN ADAM SMITH

Producto simple	Funcions					
	F1	F2	F3	F4	...	F _n
Producto A	t	t	t	t	t	t
Producto A	r	r	r	r	r	r
Producto A	a	a	a	a	a	a
Producto A	b	b	b	b	b	b
Producto A	j	j	j	j	j	j
Producto A	a	a	a	a	a	a
Producto A	d	d	d	d	d	d
Producto A	o	o	o	o	o	o
Producto A	r	r	r	r	r	r
Producto A	1	2	3	4	..	n

FIGURA C. DIVISIÓN DUN PRODUCTO COMPLEXO

Despece	Funcions					
	F1	F2	F3	F4	..	F _n
Producto α						
Peza A	t1A	t2A	t3A	t4A	..	tnA
Peza B	t1B	t2B	t3B	t4B	..	tnB
Peza N	t1N	t2N	t3N	t4N	..	tnN

FIGURA D. DIVISIÓN DUN COMPLEXO DE PRODUCTOS COMPLEXOS

Producto complejo e despece		Funcións					
		F1	F2	F3	F4	..	Fn
Producto A	Peza A	t1A	t2A	t3A	t4A	..	tnA
	Peza B	t1B	t2B	t3B	t4B	..	tnB
	Peza N	t1N	t2N	t3N	t4N	..	tnN
Producto B	Peza A'	t1A'	t2A'	t3A'	t4A'	..	tnA'
	Peza B'	t1B'	t2B'	t3B'	t4B'	..	tnB'
	Peza N'	t1N'	t2N'	t3N'	t4N'	..	tnN'
....	
Producto N	Peza A''	t1A''	t2A''	t3A''	t4A''	..	tnA''
	Peza B''	t1B''	t2B''	t3B''	t4B''	..	tnB''
	Peza N''	t1N''	t2N''	t3N''	t4N''	..	tnN''

FIGURA E. ORGANIZACIÓN COMO UNHA SÓ EMPRESA INDUSTRIAL

Sector da empresa	Sector da fase do proceso de produción							Poboación activa por sectores	
	secundario		terciario					secundario	terciario
EMPRESA T	c	d	a	b	e	f	g	a+b+c+d+e+f+g	-
TOTAL POBOACIÓN ACTIVA POR SECTORES								a+b+c+d+e+f+g	0

FIGURA F. ORGANIZACIÓN POR EMPRESAS POR FASE (7) EMPRESAS

Sector da empresa	Sector da fase do proceso de produción							Poboación activa por sectores	
	secundario		terciario					secundario	terciario
EMPRESA A			a						a
EMPRESA B	b							b	
EMPRESA C		c						c	
EMPRESA D				d					d
EMPRESA E					e				e
EMPRESA F						f			f
EMPRESA G							g		g
TOTAL POBOACIÓN ACTIVA POR SECTORES								b+c	a+d+e+f+g

Bibliografía

AMIN, A., SMITH, I., 1986, The internationalization of productions and its implications for the UK, , in AMIN, A., GODDARD, J. (eds.), Technological change, industrial restructuring and regional development, London, Allen & Unwin, 1986,

AMIN, S., 1970, La acumulación a escala mundial. Crítica de la teoría del subdesarrollo, Madrid, Siglo XXI Ed., 1974,

ANDREOLA, M. R. et al., 1978, Spazio e potere. Differenziali territoriali e divisione internazionali della produzione, Florencia, Ed. CLUSF, ,

AYDALOT, Philippe, 1983, La division spatiale du travail, , in PAELINK, J. H. P., SALLEZ, A., Espace et localisation, París, Economica, 1983,

AYRES, R. U., 1985, La sociedad automatizada, , in MINSKY, M. (ED.), Robótica, Barcelona, Ed. Planeta, ,

BABBAGE, Ch., 1835, On the economy of machinery and manufactures, cit in., FRÖBEL F. et al.. La nueva división internacional del trabajo, Madrid, Siglo XXI Ed., 1977,

BAKIS, H., 1987, Telecommunications and the global firm, , in HAMILTON, F. E. I. (ed.), Industrial change in advanced economies, New Hampshire, Croom Helm, 1987,

BRADBURY, J.H., 1985, Regional and industrial restructuring processes in the new international division of labour, , "Progress in Human Geography", V. 9-1, pp. 38-63.

CARNEY, J., HUDSON, R., LEWIS, J. (eds.), 1980, Regions in Crisis, London, Croom Helm, ,

CASTELLS, M., 1990, El impacto de las nuevas tecnologías en la reestructuración de la economía mundial. Implicaciones para la economía española, Madrid, MEH. Informes del Instituto de Estudios de Prospectiva, ,

CASTILLO, J.J., 1989, La división del trabajo entre las empresas, , "Sociología del Trabajo", nº 5, pp. 19-40.

CORBRIDGE, S., 1986, Capitalism, industrialization and development, , "Progress in Human Geography", v. 10-1, pp. 48-67.

COWLING, K., 1986, The internationalization of production and de-industrialization, , in AMIN, A., GODDARD, J. (eds.), Technological change, industrial restructuring and regional development, London, Allen & Unwin, 1986,

CRUZ, R. de la, 1987, Tecnología y poder, México, CENDES/Siglo XXI Ed., ,

CHRISTOPHERSON, S., 1989, Flexibility in the U.S. service economy and the emerging spatial division of labour, , "Transactions of the I.B.G.", nº 14, pp. 131-143.

DICKEN, P., 1990, Transnational corporations and the spatial organization of production: some theoretical and empirical issues, , in SHACHAR, A., ÖBERG, S. (eds.), The World economy and the spatial organization of power, Aldershot, Avebury, 1990,

DUCHE, G., SAVEY, S., 1987, The rising importance of small and medium-sized firms: Towards a new industrial system?, , in HAMILTON, F.E.I. (ed.), Industrial change in advanced economies, New Hampshire, Croom Helm, 1987, ,

DUNFORD, M., PERROWS, D., 1983, The arena of capital, London, Macmillan Press, ,

ELLEGARD, K., ALVSTAM, C., 1987, People-production-international division of labour, , in HAMILTON, F.E.I. (ed.), Industrial change in advanced economies, New Hampshire, Croom Helm

EMMANUEL, A., 1969, El intercambio desigual. Ensayo sobre los antagonismos en las relaciones económicas internacionales, Madrid, Siglo XXI Ed., ,

FREYSSENET, M., 1979, Division du travail et mobilisation quotidienne de la main d'oeuvre. Les cas Renault et Fiat, Paris, Centre de Sociologie Urbaine, ,

FRÖBEL, F., HEINDRICH, J., KREYE, O., 1977, La nueva división internacional del trabajo. Paro estructural en los países industrializados e inición de los países en desarrollo, Madrid, Siglo XXI Ed., 1980,

GOE, W.R., 1990, Producer services. Trade and the social division of labour, , "Regional Studies", nº 24, pp. 327-342.

GORZ, A., (ed.), 1973, Critique de la division du travail, París, Ed. du Seuil, ,

GREGORY, D., URRY, J. (eds.), 1985, Social relations and spatial structures, London, Macmillan Press, ,

GWYNNE, R.N., 1990, New horizons?: third world industrialization in an international framework, Burt Mill, Longman Scientific & Technical, ,

HALL, P., 1985, Capitales nacionales, ciudades internacionales y la nueva división del trabajo, , "Estudios Territoriales", nº 19, pp. 21-30.

HAMILTON, F.E.Ian, 1987, Industrial change in advanced economies, New Hampshire, Croom Helm, ,

HOLMES, J., 1986, The organization and locational structure of production subcontracting, , in SCOTT, A.J., STORPER, M. (eds.), Production, work, territory, Boston, Allen & Unwin

HUDSON, R., 1988, Cambios en la división territorial del trabajo y su impacto en los sistemas locales, , "Estudios Territoriales", nº 26, pp. 31-45.

JOHNSTON, R.J., 1986, The state, the region, and the division of labor, , in SCOTT, A.J., STORPER, M. (eds.), Production, work, territory, Boston, Allen & Unwin

LIPIETZ, A., 1984, De la nouvelle division internationale du travail a la crise du fordisme peripherique, , "Espaces et Sociétés", nº 44, pp. 51-78.

LIPIETZ, A., 1986, New tendencies in the international division of labour: regimes of accumulation and modes of regulation., , in SCOTT, A.J., STORPER, M. (eds.), Production, work, territory, Boston, Allen & Unwin.

MARX, K., 1867, El Capital, México, Fondo de Cultura Económica, 1973, 8ª r.,

MASSEY, D., 1984, Spatial divisions of labour. Social structures and yhe geography of production, London, Macmillan Press,

MORPHET, C.S., 1987, Research, development and innovation in the segmented economy: spatial implications, , in KNAAP, B. van der, WEVER, E. (eds.), New technology and regional development, London, Croom Helm, 1987,

PALLOIX, Ch., 1973, Las firmas multinacionales y el proceso de internacionalización, Madrid, Siglo XXI Ed., 1975,

RICARDO, D., 1817, Principios de economía política y tributación, México, Fondo de Cultura Económica, 1973, 2ª r.,

SANCHEZ, J.E., 1975, División del trabajo, subdesarrollo industrial y reproducción profesional, Barcelona, "Cuadernos de Pedagogía", nº 11, pp. 14-17.

SANCHEZ, J.E., 1979, El desarrollo de las fuerzas productivas: cualificación, organización del trabajo y formación, , "Sociología del Trabajo", nº 1, pp. 45-73.

SANCHEZ, J.E., 1981, La geografía y el espacio social del poder, Barcelona, Los Libros De La Frontera, ,

SANCHEZ, J.E., 1991, Espacio, economía y sociedad, Madrid, Siglo XXI Ed., ,

SCOTT, A.J., 1988, Metropolis. From the division of labour to urban form, Berkeley CA, University of California Press, ,

SCOTT, A.J., STORPER, M. (eds.), 1986, Production, work, territory, The geographical anatomy of industrial capitalism, Boston, Allen & Unwin, ,

SMITH, A., 1776, Investigación sobre la naturaleza y causas de la riqueza de las naciones, México, Fondo de Cultura Económica, 1984, 4ª r.,

STEWART, F., 1977, Tecnología y subdesarrollo, México, Fondo de Cultura Económica, 1983,

STÖHR, W.B., 1986, Cambios estructurales en la industria y estrategias de desarrollo regional: Aproximación a un marco conceptual, , "Estudios Territoriales", nº 20, pp. 179-201

STORPER, M., WALKER, R., 1983, The theory of labour and the theory of location, , "International Journal of Urban and Regional Research", v. 7-1, pp. 1-43.

STUART MILL, J., 1848, Principios de economía política, México, Fondo de Cultura Económica, 1985, 2ª r.,

WALKER, R., STORPER, M., 1981, Capital y localización industrial, , "Documents d'Anàlisi Geogràfica", nº 8-9, pp. 203-244.